

Xoves, 26 de setembro de 2024

Núm. 188

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Subvencións e axudas**

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURALS PERÍODO 2023 - 2024

EXPEDIENTE	10235 - 335
TIPO EXPTE:	SUBVENCIONS CONCORRENCIA COMPETITIVA
SOLICITANTE:	Servizo de Festas Especiais

Proposta de Extracto do acordo de data 13 de setembro de 2024 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aproba a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais realizadas no período 2023 – 2024.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b). e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publicarase o extracto da convocatoria cuxo texto completo podese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>), e que deberá conter, como mínimo a seguinte información:

PRIMEIRO.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas Especiais da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de Festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais durante o período 2023 – 2024 e que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

SEGUNDA .- PARTIDA ECONÓMICA E CRÉDITOS

A contía da presente convocatoria ascende a 395.000 euros, con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.



Xoves, 26 de setembro de 2024

Núm. 188

TERCEIRA.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar subvención, as entidades xurídicas sen ánimo de lucro que reúnan os requisitos recollidos na convocatoria anual e bases reguladoras de subvencións para actividades socioculturais realizadas dende o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro de 2024, ámbolos dous incluídos, na cidade de Vigo.

CUARTO.- BASES REGULADORAS

As presentes bases reguladoras serán publicadas no BOPPO. Estarán a disposición dos interesados no servizo de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org), e servizo de Festas dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia. (BOPPO).

QUINTO.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O Prazo de presentación das solicitudes será o establecido na convocatoria, nun período de 15 días hábiles, a contar dende a publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

SEXTA.- LUGAR ONDE SE PODEN OBTER AS BASES E FORMULARIOS:

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e servizo de Festas, dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015, e de acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

ACC/amg

Vigo, na data da sinatura dixital

O Enxeñeiro Municipal (Resolución de traslado da concellería delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 22/09/22).

Álvaro Crespo Casal

CONFORME:

O Concelleiro Delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais

Ángel Rivas González

